

4.5. educación

O OBXECTIVO DESTE CAPÍTULO É A análise da educación en Galicia, para o que se segue a seguinte estrutura. Partindo da presentación dos presupostos da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e do nivel educativo da poboación *Terceiro Informe Intermedio sobre a Cohesión Económica e Social* (febreiro 2004), analízase, dunha banda, a educación de réxime xeral (educación infantil, educación primaria, Ed. Secundaria Obrigatoria, COU, Bacharelato LOXSE, FP, Programas de Garantía Social, educación especial e educación de adultos) en base ó alumnado, profesorado e centros de ensino. Doutra banda, estúdase a educación universitaria nos campus galegos atendendo o número de alumnos matriculados e graduados, tanto nos dous primeiros ciclos como no terceiro ciclo.

Para a realización do mesmo, utilízanse os datos facilitados pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, o IGE, a Comisión Europea, o Ministerio de Educación y Ciencia e os Presupostos da Xunta de Galicia.

4.5.1.

Presupostos da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria 2002-03

	2002	2003	03/02
	(en miles de €)		(%)
Capítulo I	957.560,7	987.512,0	3,1
Resto	634.810,4	661.714,7	4,2
Total	1.592.371,1	1.649.226,7	3,6

Fonte: Xunta , Presupostos xerais da C.A.

4.5.2.

Nível de instrucción da poboación nas CC.AA., UE (15) e UE (25) 2000-02

	2000			2002		
	Baixo	Medio	Alto	Baixo	Medio	Alto
	(% de poboación entre 25 e 59 anos)			(% de poboación entre 25 e 64 anos)		
Andalucía	67	14	19	65,1	15,1	19,9
Aragón	59	17	24	56,4	17,8	25,8
Asturias	60	16	23	56,6	20,2	23,1
Baleares	64	18	17	59,6	21,8	18,7
Canarias	63	18	19	60,9	17,1	22,0
Cantabria	57	19	24	56,1	19,0	24,9
Castela-A Mancha	70	13	16	66,9	15,2	18,0
Castela e León	59	17	24	56,9	18,2	24,8
Cataluña	56	20	24	56,6	18,4	25,0
C. Valenciana	63	16	21	63,7	15,9	20,4
Extremadura	69	13	17	67,3	14,4	18,3
Galicia	67	14	19	62,5	15,9	21,6
Madrid	49	19	32	45,9	20,1	34,0
Murcia	62	16	22	61,8	16,0	22,2
Navarra	54	15	21	50,4	15,6	34,0
País Vasco	49	18	33	48,1	17,7	34,1
A Rioxa	60	16	24	58,3	15,7	26,0
Ceuta y Melilla	59	19	22	53,4	26,4	20,2
Total	60	17	23	58,3	17,3	24,4
UE 15	35	43	22	35,4	42,9	21,8
UE 25 (1)				32,6	46,7	20,6

(1) Los países AC10 son Chipre, República Checa, Estonia, Hungría, Letonia, Lituania, Malta, Polonia, Eslovaquia e Eslovenia.
Fonte: Elaboración propia CES-Galicia a partir de datos do INE e Eurostat

O **presuposto** da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria para o ano 2003, **cadro 4.5.1.**, ascendeu a 1.649,2 millóns de euros, un 3,6% superior ó do ano anterior, cando se dedicaron un total de 1.592,4 millóns de euros. A súa partida máis importante é a de gastos de persoal, que foi, no ano 2003, de 987,5 millóns de euros o 59,9% do presuposto de educación).

No marco dos presupostos, ó programa 353 E “Fomento da lingua galega” dedícanse 18.026,2 miles de euros (un 5,1% máis que en 2001), o que representa o 1,1% do total do presuposto consolidado da devandita consellería.

O número de traballadores ocupados en Galicia na rama de actividade de educación, segundo a estimación da EPA, **cadro 2.2.6.** (*Poboación ocupada 2002-03: distribución segundo ramas de actividade*), incrementouse no ano 2003 un 2,7% respecto ó ano anterior (2,6 miles de persoas máis que en 2002) para situarse en 57,5 miles de ocupados.

O número de profesores no curso 2002-03 (sen contar co profesorado das escolas-fogar) foi de 34.518 (27.673 profesores nos colexios públicos e 6.845 profesores en centros privados), ós que hai que engadir un total de 2.165 profesores entre o profesorado dos departamentos de orientación, profesorado sen función

docente e outro profesorado (bibliotecarios, profesorado dedicado a actividades de estudo, ...).

Atendendo ós datos do *Terceiro Informe Intermedio sobre a Cohesión Económica e Social* da Comisión Europea (febreiro 2004), o 62,5% da poboación galega entre 25 e 64 anos presenta un nivel de instrucción considerado como baixo, mentres que o nivel de instrucción para un 15,9% da poboación é medio e para un 21,6% é considerado como elevado. Tal e como reflicte o **cadro 4.5.2.**, no conxunto do Estado, o nivel de instrucción é baixo para o 58,3% da poboación considerada (35,4% na UE-15), sendo estas porcentaxes do 17,3% e 24,4% no caso dos niveis de instrucción medio e elevado (42,9% e 21,9%, respectivamente, na UE-15).

Cómpre salientar que a rexión norte de Portugal presenta unhas porcentaxes que difiren da situación descrita para o caso galego, xa que o 84,1% da poboación considerada presenta un nivel de instrucción considerado como baixo, mentres que é considerado como medio e elevado nun 8,7% e 7,2%, respectivamente.

Por primeira vez nos últimos dez cursos, tanto en Galicia como no conxunto do Estado, no curso 2002-03 rexístrase unha medra do número de alumnos matriculados nos centros de ensinanza de Réxime Xeral. En Galicia o alumnado aumentou un 1,5% respecto ó ano anterior (1 punto porcentual máis que en España) para situarse nos 394.454 alumnos, o que representa o 5,8% dos alumnos matriculados no conxunto do Estado.

Tendo en conta que segundo os datos do Ministerio de Educación, Cultura e Deportes recollidos no **cadro 4.5.3.**, o número de profesores no curso 2002-03 ascendeu a 36.295 (29.094 profesores en centros públicos e 7.201 en centros privados), o número de alumnos por profesor

foi de 11 (10 alumnos por profesor nos centros públicos, e 15 nos centros privados). No conxunto do Estado, esta ratio ascendeu a 12, sendo de 11 no caso dos centros públicos e de 15 no dos privados.

En relación á educación universitaria, cómpre salientar que ó longo de 2003 aprobáronse as Leis 1/2003, do 9 de maio, dos consellos sociais do sistema universitario de Galicia, e 2/2003, do 22 de maio, do Consello Galego de Universidades.

A primeira ten por obxecto a regulación do Consello Social de cada unha das universidades públicas que integran o sistema universitario de Galicia. O Consello, que *“se configura como peza angular da estrutura universitaria, na medida en que a súa función é a de servir de instrumento para garanti-la participación das diversas forzas sociais no seu goberno e procura-la implicación das universidades no desenvolvemento de Galicia”*, é o órgano de goberno da universidade, que contribuirá, ademais, *“á obtención de recursos necesarios para procura-la súa suficiencia económica e financeira”*.

A Lei 2/2003, de 22 de maio, ten por obxecto *“o desenvolvemento das funcións de coordinación universitaria que lle corresponden á Comunidade Autónoma de Galicia respecto das universidades públicas e privadas da súa competencia”*. O artigo catro desta Lei define ó Consello Galego de Universidades como o *“órgano colexiado de consulta e asesoramento da consellería competente en materia universitaria para o desenvolvemento da política de coordinación e planificación do sistema universitario de Galicia”*.

Ensino de réxime xeral

Segundo os datos recollidos na *“Estadística de la educación en España”* publicada polo Ministerio de Educación y Ciencia, o número de centros que impar-

4.5.3.

Centros, profesorado e alumnos matriculados nas CC.AA. no curso 2002-2003 (1)

	Centros			Profesorado			Alumnado		
	Total	Públicos	Privados	Total	Públicos	Privados	Total	Públicos	Privados
Andalucía	3.747	2.935	812	98.931	80.162	18.769	1.410.158	1.074.743	335.415
Aragón	557	388	169	15.286	10.995	4.291	173.180	110.769	62.411
Asturias	455	352	103	13.264	10.523	2.741	135.238	93.834	41.404
Baleares	395	265	130	12.031	8.281	3.750	145.011	90.024	54.987
Canarias	1.060	900	160	25.287	21.107	4.190	331.057	259.961	71.096
Cantabria	315	223	92	7.202	5.255	1.947	78.312	51.019	27.293
Castela e León	1.283	956	327	32.678	24.564	8.114	361.651	243.701	117.950
Castela - A Mancha (2) (3)	1.012	845	167	24.535	20.999	3.536	310.965	252.697	58.268
Cataluña	3.850	2.447	1.403	82.294	50.046	32.248	1.018.214	596.974	421.240
C. Valenciana	2.054	1.489	565	57.570	43.765	13.805	694.239	470.219	224.020
Extremadura	661	561	100	15.764	13.564	2.200	192.416	154.436	37.980
Galicia	1.719	1.396	323	36.295	29.094	7.201	394.454	288.853	105.601
Madrid	2.281	1.312	969	68.665	43.302	25.363	911.023	511.821	399.202
Murcia	689	536	153	16.884	13.978	2.906	232.050	173.393	58.657
Navarra	303	232	71	7.910	5.598	2.312	83.894	52.519	31.175
País Vasco	834	504	330	28.598	17.292	11.306	305.079	145.479	159.600
Rioxa	114	82	32	3.313	2.443	870	41.666	27.627	14.039
Ceuta	30	22	8	1.157	956	201	15.318	11.514	3.804
Melilla	26	19	7	1.119	979	140	15.102	12.527	2.575
Total	21.385	15.464	5.921	548.793	402.903	145.890	6.848.827	4.622.110	2.226.717
Galicia / España	8,0	9,0	5,5	6,6	7,2	4,9	5,8	6,2	4,7

(1) Ensinos de réxime xeral; inclúe o alumnado en Ed. Infantil/Preescolar, E. Primaria/EXB, ESO, BUP e COU (presencial e a distancia), Bacharelato (presencial e a distancia) e Bacharelato experimental, Formación profesional, programas de Garantía Social, Ciclos formativos/módulos profesionais (presencial e a distancia) e Ed. especial.

(2) O dato do número de centros é estimado

(3) Os datos do profesorado e alumnado corresponden ó curso 2001-02

Fonte: Ministerio de Educación y Ciencia, Estadísticas de la educación en España

ten ensinos de réxime xeral (educación infantil/preescolar, Ed. Primaria/EXB, ESO, BUP e COU –presencial e a distancia–, Bacharelato –presencial e a distancia–, Bacharelato experimental, Formación profesional, programas de Garantía Social, Ciclos formativos/módulos profesionais –presencial e a distancia– e Ed. Especial) foi de 1.719 no curso 2002/03, sendo o número de profesores e alumnos de 394.454 e 36.295, respectivamente. Comparado co total estatal, Galicia acolle o 8,0% dos centros, o 6,6% dos profesores e o 5,8% dos alumnos.

Atendendo á distribución segundo centros públicos e privados, o **cadro 4.5.3.** amosa que ós 1.396 centros públicos galegos que imparten estes ensinos (o 9,0% do total de centros públicos no conxunto do Estado) asisten un total de 288.853 alumnos (o 6,2% do total estatal), sendo o número de profesores de 29.094 (o 7,2%). O número medio de alumnos por profesor en Galicia nestes centros é de 9,9 (11,5 alumnos por profesor de media en España), sendo do 10,9 alumnos por profesor no conxunto dos centros galegos e 14,7 alumnos por profesor nos centros privados galegos (12,5 e 15,3 alumnos por profesor no conxunto do Estado).

Respecto ás distintas ensinanzas que imparten, os **cadros 4.5.4. a 4.5.8.** amosan a distribución dos centros, profesores e alumnos en Galicia e nas catro provincias, así como o número de alumnos por unidade/grupo e a taxa bruta de escolaridade segundo nivel e titularidade do centro.

No que á **educación infantil** se refire, no curso 2002-2003 a poboación escolarizada ascendeu a 56.227 persoas (1.056 máis que no curso anterior), sendo a taxa bruta de escolaridade de 100,40% (1,56 puntos porcentuais superior á rexistrada no curso 2001-2002). O número de alumnos por unidade/grupo en Galicia neste curso foi de 15,49 no caso dos centros

públicos e de 21,11 no caso dos centros privados.

No caso da **educación primaria**, que presenta unha caída da poboación escolarizada no curso 2002-03 (3.715 alumnos menos), a taxa bruta de escolaridade foi de 104,91% (13 décimas superior á do curso anterior). O número medio de alumnos por unidade foi de 22,49 no caso dos centros privados, mentres que nos públicos houbo un total de 15,89 alumnos por unidade/grupo.

Ó igual que no caso da educación primaria, a poboación escolarizada na **Educación Secundaria Obrigatoria (ESO)** descendeu no último ano considerado, acadando os 111.536 alumnos (4.124 menos que no curso 2001-02) e unha taxa bruta de escolaridade de 102,71%. Os centros públicos rexistran un total de 22,15 alumnos por unidade/grupo educativos fronte ós 26,15 alumnos no caso dos centros privados.

Finalmente, no concernente á **Educación Secundaria Postobrigatoria (ESPO)**, a poboación escolarizada descendeu ata as 78.680 persoas (4.591 menos que no ano anterior), sendo a taxa bruta de escolaridade de 58,01%. Os centros públicos presentan 21,79 alumnos por unidade/grupo educativo, sendo de 18,60 alumnos no caso dos centros privados.

Educación universitaria

Galicia conta con tres universidades –Santiago de Compostela, Vigo e A Coruña–, que dispoñen de sete campus repartidos nas catro provincias. No curso 2003-04 prodúcese un importante descenso do número de alumnos matriculados no primeiro e segundo ciclo, que acada os 85.096 alumnos (o 57,4% son mulleres), 9.464 alumnos menos que no curso anterior (10,0% menos). Esta caída prodúcese fundamentalmente pola redución de

4.5.4.

Centros docentes en funcionamiento no curso 2002-03: distribución segundo as ensinanzas que imparten (1)

	Galicia		A Coruña		Lugo		Ourense		Pontevedra			
	Total	Públicos	Privados	Total	Públicos	Privados	Total	Públicos	Privados	Total	Públicos	Privados
Ed. infantil	286	258	38	138	119	19	8	13	8	5	123	14
Ed. infantil e primaria	740	714	26	311	288	13	111	97	94	3	215	6
Ed. infantil, primaria e ESO	178	84	94	54	31	23	19	23	12	11	22	47
Ed. infantil, primaria e FP específica	1	-	1	1	-	1	-	-	-	-	-	-
Ed. infantil, primaria, ESO e Bacharelato	54	-	54	23	23	3	3	8	-	8	20	20
Ed. infantil, primaria, ESO e FP específica	6	-	6	4	4	-	-	-	-	-	2	2
Ed. infantil, primaria, ESO, Bacharelato e FP específica	9	-	9	6	6	-	-	-	-	-	3	3
Ed. primaria	35	35	-	12	12	-	1	-	-	-	22	-
Ed. primaria e ESO	9	7	2	3	3	-	-	-	-	-	4	2
Ed. primaria, ESO e Bacharelato	3	1	2	3	1	2	-	-	-	-	-	-
Ed. primaria, ESO, Bacharelato e FP específica	2	-	2	-	-	-	-	1	-	1	-	1
ESO	41	38	3	19	19	-	4	2	1	1	14	2
ESO e Bacharelato	76	70	6	26	24	2	11	13	11	2	26	-
ESO e FP específica	3	1	2	1	-	1	1	-	-	-	1	-
ESO, Bacharelato e FP específica	143	142	1	57	57	-	26	15	15	-	44	1
Bacharelato e FP específica	11	10	1	6	6	-	1	2	2	-	1	1
FP específica	73	19	54	30	7	23	3	10	3	7	6	18
Ed. Especial (3)	35	13	22	14	5	9	2	2	2	-	17	4
Ed. de adultos (3)	13	10	3	4	3	1	2	3	2	1	4	1
Total	1.728	1.402	326	712	585	127	211	189	150	39	484	132

(1) Nesta clasificación cada centro aparece contabilizado unha soa vez.
 (2) No caso dos centros de Formación Profesional específica non se contabilizan os Programas de Garantía Social.
 (3) Refírese ós Centros nos que se imparte especificamente educación especial e nos que se imparte especificamente educación de adultos.
 (4) Non se inclúen a sede e subedes do Programa de Educación Preescolar na Casa.
 Fonte: *Consellería de Educación e Ordenación Universitaria*

4.5.5.

Alumado matriculado no curso 2002-03: distribución segundo ensino e tipo de centro (1)

	Galicia		A Coruña		Lugo		Ourense		Pontevedra	
	Total	Privados	Total	Públicos	Total	Públicos	Total	Públicos	Total	Públicos
Ed. Infantil (2)	56.227	17.688	22.800	15.839	6.105	6.961	5.663	3.623	21.659	14.493
Educación primaria	131.740	40.701	52.131	36.180	14.914	15.951	14.191	9.275	50.504	34.153
Primeiro ciclo	39.794	12.689	15.823	10.810	4.334	5.013	4.285	2.726	15.352	10.211
Segundo ciclo	43.985	13.432	17.389	12.119	4.995	5.280	4.767	3.141	16.824	11.449
Tercero ciclo	47.961	33.501	18.909	13.251	5.585	5.658	5.139	3.408	18.328	12.493
ESO	111.536	79.420	44.522	32.180	12.342	12.342	12.138	8.005	41.211	28.122
Primeiro ciclo	55.639	39.492	21.947	15.912	6.748	6.095	6.071	4.015	20.875	14.119
Segundo ciclo	55.897	39.928	22.575	16.268	6.919	6.307	6.067	3.990	20.336	14.003
Bacharelato LOXSE	39.634	6.878	16.737	13.470	4.907	3.267	4.234	3.251	13.756	11.460
Artes	1.027	1.003	370	370	150	-	93	93	414	400
Ciencias da Natureza e S.	18.602	14.906	8.249	6.409	2.215	1.840	2.056	1.500	6.082	4.966
Humanidades e CC.SS.	15.689	13.045	6.551	5.289	1.965	1.262	1.638	1.288	5.535	4.624
Tecnoloxía	4.293	3.779	1.563	1.398	575	165	445	368	1.710	1.455
Música	23	23	4	4	2	-	2	2	15	15
Módulos profesionais (nivel II)	27	-	4	-	2	-	-	-	17	17
Ciclos formativos (3)	30.285	5.951	12.940	10.664	3.689	2.276	2.555	2.109	11.101	8.055
G. Medio	13.714	2.410	5.788	5.018	1.739	780	1.280	1.019	4.897	3.661
G. Superior	16.571	3.541	7.142	5.646	1.950	1.496	1.275	1.090	6.204	4.394
Programas de Garantía Social	2.794	2.322	1.137	991	350	146	311	219	996	762
Educación especial (4)	1.309	794	626	403	111	223	74	74	498	206
Ensinanzas de adultos	14.488	14.346	6.573	6.534	1.624	39	982	965	5.309	5.223
Nivel I	380	346	141	135	19	6	47	46	153	146
Nivel II	532	501	126	115	60	11	117	105	229	221
Nivel III	5.751	5.654	2.076	2.054	734	22	433	429	2.508	2.437
Bacharelato	5.087	5.087	3.039	3.039	518	287	287	287	1.243	1.243
Ciclos formativos (curso completo) (5)	2.598	2.598	1.191	1.191	262	-	98	98	1.047	1.047
Ciclos formativos (por módulos)	160	160	31	31	31	-	-	-	129	129
Total	388.040	283.577	157.466	116.261	45.365	41.205	40.158	27.531	145.051	102.491
										42.560

(1) O alumado con necesidades educativas especiais, en centros ordinarios, xa está contabilizado co resto do alumado no nivel no que están integrados.

(2) Inclúese o alumado de centros públicos da sede central en Lugo, do Programa de Educación Preescolar na Casa e as tres subseccións nas restantes capitais de provincia. Son un total de 460 alumnos, distribuídos da seguinte maneira: 119 alumnos en A Coruña, 196 en Lugo, 91 en Ourense e 54 en Pontevedra.

(3) Non se inclúe o alumado de Formación en Centros de Traballo. En Galicia, hai un total de 4.837 alumnos en centros públicos (2.737 en ciclos formativos de grao medio e 2.100 en graos superiores) e 1.103 alumnos en centros privados (764 en ciclos formativos de grao medio e 339 en ciclos formativos de grao superior).

(4) Centros específicos

(5) Non se inclúe o alumado que está no período de formación en centros de traballo.

Fonte: *Consellería de Educación e Ordenación Universitaria*

4.5.7.

Número de alumnos por unidade/grupo no curso 2002-03: distribución segundo nivel e titularidade do centro

	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Galicia
Centros públicos					
Ed. Infantil	16,10	14,19	15,22	15,37	15,49
Ed. Primaria	16,29	14,86	14,61	16,22	15,89
1º ciclo ESO	21,98	22,32	22,31	23,46	22,56
2º ciclo ESO	20,91	22,94	20,15	22,84	21,75
ESO	21,42	22,63	21,18	23,15	22,15
ESPO (2)	22,35	19,38	19,97	22,83	21,79
Centros privados					
Ed. Infantil	20,84	20,84	21,70	21,26	21,11
Ed. Primaria	22,12	22,18	23,30	22,68	22,49
1º ciclo ESO	26,82	26,00	26,36	26,92	26,73
2º ciclo ESO	26,72	25,04	25,64	24,74	25,59
ESO	26,77	25,27	25,99	25,82	26,15
ESPO (2)	18,78	16,09	18,55	18,71	18,60

(1) Nas ratos referidas á Ed. Infantil e á Primaria tivéronse en conta, ademais das unidades específicas destes niveis educativos, as unidades mixtas existentes nos centros públicos

(2) ESPO: Ensino Secundario Postobrigatorio. Inclúe COU, Bacharelato LOXSE, FP II, Módulos Profesionais, Ciclos formativos, Programas de Garantía Social. Non inclúe o alumnado do INGABAD, o alumnado que cursa ensinanzas de Adultos, nin o que realiza FCT.

Fonte: Consellería de Educación e Ordenación Universitaria

4.5.8.

Taxa bruta de escolaridade nos cursos 2001-2002 e 2002-2003: distribución segundo nivel de ensino

	Educación Infantil (1) (3-4-5 anos)	Educación primaria (6/12 anos)	ESO (12/17 anos)	ESPO (2) (16/20 anos)
Curso 2001-2002				
Poboación	55.818	129.271	113.443	144.792
Poboación escolarizada	55.171	135.455	115.660	83.271
Taxa (%)	98,84	104,78	101,95	57,51
Curso 2002-2003				
Poboación	56.005	125.577	108.597	135.629
Poboación escolarizada	56.227	131.740	111.536	78.680
Taxa (%)	100,40	104,91	102,71	58,01

(1) Inclúe o alumnado do Programa Preescolar na Casa

(2) ESPO: Ensino Secundario Postobrigatorio. Inclúe COU, Bacharelato LOXSE, FP II, Módulos Profesionais, Ciclos formativos, alumnado de Ciclos Formativos realizando a FCT, Programas de Garantía Social. Non inclúe o alumnado do INGABAD, nin o alumnado que cursa ensinanzas de Adultos.

(3) Nos tramos de idade coincidentes en distintos niveis de estudos, fíxose un reparto proporcional desta poboación entre a escolarizada en cada nivel educativo correspondente a esas idades

(4) As porcentaxes nas taxas superiores ó 100% débense ó alumnado estranxeiro matriculado e ó procedente de traslados de matrícula doutras comunidades.

Fonte: Consellería de Educación e Ordenación Universitaria

alumnos experimentada na Universidade de Santiago de Compostela, con 8.582 alumnos menos, en tanto que a Universidade de Vigo presenta unha caída no número de alumnos matriculados de 1.395 persoas, sendo a Universidade de A Coruña a única que presenta unha medra no seu número de alumnos, con 513 alumnos máis.

A Universidade de Santiago de Compostela, con 33.072 alumnos matriculados no curso académico 2003-04, acolle ó 38,9% dos universitarios galegos, en tanto

que a de Vigo ten o 30,7% (26.095 alumnos) e a de A Coruña, o 30,5% restante (25.929 alumnos) (**cadro 4.5.9.**).

As ramas sociais e xurídicas son as que acollen o maior número de alumnos matriculados nas universidades da comunidade galega, con 40.665 alumnos (o 47,8% dos universitarios), seguida polas ramas técnicas, con 23.389 alumnos (o 27,5%). O descenso de alumnos experimentado no último curso rexístrase nas diferentes ramas de ensino consideradas no **cadro 4.5.10.**, sendo a caída máis

4.5.9.

Alumnos matriculados no sistema universitario nos cursos 2002-03 e 2003-04: primeiro e segundo ciclos (1)

	Curso 2002-03			Curso 2003-04			02-03/03-04
	Total	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres	
A Coruña	25.416	12.469	12.943	25.929	12.510	13.419	2,0
Santiago	41.654	15.063	26.591	33.072	11.771	21.301	-20,6
Vigo	27.490	12.623	14.867	26.095	12.000	14.095	-5,1
Total	94.560	40.155	54.401	85.096	36.281	48.815	-10,0

(1) incluídos os alumnos dos centros adscritos
 Fonte: Ministerio de Educación y Ciencia

4.5.10.

Alumnos matriculados no sistema universitario nos cursos 2003-03 e 2003-04: distribución segundo ramas de ensino

	curso 2002-03					
	Total	Humanidades	Ciencias experimentais	Sociais e xurídicas	Técnicas	Ciencias da saúde
Andalucía	248.239	25.060	23.276	121.810	56.995	21.098
Aragón	37.410	2.807	2.869	15.843	11.817	4.074
Asturias	34.403	2.876	2.556	15.395	11.942	1.634
Baleares	13.352	1.467	1.092	8.863	1.400	530
Canarias	47.828	5.234	2.726	22.735	13.101	4.032
Cantabria	12.264	662	556	5.179	5.051	816
Castela-A Mancha	29.741	3.030	1.145	14.865	8.382	2.319
Castela e León	92.635	9.168	5.599	39.918	30.059	7.891
Cataluña	211.944	21.818	13.629	101.185	57.515	17.797
C. Valenciana	143.265	14.319	10.690	60.551	45.904	11.801
Extremadura	26.624	1.267	2.205	12.300	7.616	3.236
Galicia	94.560	8.668	8.657	44.747	24.453	8.035
Madrid	246.186	19.638	22.433	112.898	68.391	22.826
Murcia	39.377	3.266	3.640	20.114	8.112	4.245
Navarra	18.844	540	1.390	7.800	6.256	2.858
País Vasco	68.075	6.383	4.225	33.988	20.124	3.355
A Rioxa	6.910	902	510	3.403	1.833	262
UNED	133.591	14.815	6.133	91.440	21.203	-
Total	1.505.248	141.920	113.331	733.034	400.154	116.809

	curso 2003-04					
	Total	Humanidades	Ciencias experimentais	Sociais e xurídicas	Técnicas	Ciencias da saúde
Andalucía	241.931	23.541	21.753	119.633	55.977	21.027
Aragón	35.471	2.428	2.518	15.188	11.281	4.056
Asturias	33.419	2.472	3.300	14.305	11.641	1.701
Baleares	12.138	1.235	952	7.944	1.473	534
Canarias	46.665	4.782	2.458	22.385	12.927	4.113
Cantabria	12.237	557	501	5.286	5.070	823
Castela-A Mancha	29.035	2.873	1.093	14.536	8.146	2.387
Castela e León	90.157	8.241	5.025	37.627	30.634	8.630
Cataluña	221.376	22.552	14.739	104.475	61.813	17.797
C. Valenciana	141.349	13.594	11.052	59.363	45.580	11.760
Extremadura	25.652	1.939	2.135	10.907	7.259	3.412
Galicia	85.096	6.386	6.899	40.665	23.389	7.757
Madrid	244.884	19.684	22.390	114.029	66.326	22.455
Murcia	39.399	3.099	3.565	20.143	8.343	4.249
Navarra	17.528	494	1.269	6.589	6.417	2.759
País Vasco	65.289	5.608	4.192	31.157	20.895	3.437
A Rioxa	6.825	1.056	493	3.278	1.746	252
UNED	133.591	14.815	6.133	91.440	21.203	-
Total	1.482.042	135.356	110.467	718.950	400.120	117.149

Fonte: Ministerio de Educación y Ciencia

4.5.11.

**Alumnos matriculados no sistema universitario nos cursos 2002-03 e 2003-04:
terceiro ciclo ⁽¹⁾**

	Curso 2002-03			Curso 2003-04			02-03/03-04
	Total	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres	
A Coruña	832	440	392	843	439	404	1,3
Santiago	1.458	682	776	1.547	694	853	6,1
Vigo	1.006	474	532	1.154	515	639	14,7
Total	3.296	1.596	1.700	3.544	1.648	1.896	7,5

(1) Includidos os alumnos dos centros adscritos
Fonte: Ministerio de Educación y Ciencia

importante, en termos relativos, a das ramas de humanidades e ciencias experimentais, cun descenso do 26,3% e 20,3%, respectivamente.

O número de graduados no último curso nas universidades galegas ascendeu a 11.722 persoas (o 5,2% do total estatal) das que 7.181 persoas (o 61,3%) son mulleres. Atendendo á distribución segundo universidade, na de Santiago de Compostela graduáronse un total de 3.875 persoas (o 33,0% dos graduados en Galicia), mentres que na de Vigo e A Coruña graduáronse 3.982 (34,0%) e 3.865 alumnos (33,0%), respectivamente.

En relación ós cursos de terceiro ciclo, **cadro 4.5.11.**, no curso 03/04 inscribíronse nos cursos de doutoramento 3.544 estudantes, das que o 53,5% (1.896 alumnos) son mulleres. A universidade de Santiago de Compostela é quen máis alumnos acolle no terceiro ciclo con 1.547 alumnos matriculados, seguida da universidade de Vigo e da Coruña, con 1.154 e 843 doutorandos, respectivamente.

O número de persoas que se graduaron nestes cursos foi de 1.482 (o 54,4%, 806 alumnos, son mulleres), o que representa o 7,9% das graduacións no terceiro curso no conxunto do Estado. Na universidade de Vigo graduáronse un total de 743 alumnos (o 50,1% do total galego), en tanto que en Santiago o fixeron 583 persoas (o 39,3%) e en A Coruña, 156 alumnos (o 10,5%). ■

